



Escolma de poesía 1936-1980

Poemas da Xeración do 36, da
Promoción de enlace e da Xeración do 50

I

Xeración do 36

1. “[Anónimo]”, Xosé María Álvarez Blázquez (*Cancioneiro de Monfero*)
2. “Polos vello poetas que foron”, Aquilino Iglesia Alvariño (*Cómaros verdes*)
3. “Friedrich Hölderlin”, Aquilino Iglesia Alvariño (*Cómaros verdes*)
4. “Estaba asolagado”, Aquilino Iglesia Alvariño
5. “Penélope”, Xosé María Díaz Castro (*Nimbos*)
6. “Xoán vive moi ben en Caracas”, Celso Emilio Ferreiro (*Antipoemas*)
7. “Longa noite de pedra” Celso Emilio Ferreiro (*Longa noite de pedra*)
8. “Irmaus” Celso Emilio Ferreiro (*Longa noite de pedra*)
9. “Deitado fronte ao mar” Celso Emilio Ferreiro (*Longa noite de pedra*)
10. “Xaneiro 1972, II” Celso Emilio Ferreiro (*Onde o mundo se chama Celanova*)
11. “Encéndeseme o peito...” María Mariño Carou (*Verba que comenza*)

BONUS TRACK

12. “O bosque”, Luís Pimentel (*Sombra do aire na herba*)
13. “Nouturno”, Luís Pimentel (*Sombra do aire na herba*)

[Anónimo]

Álvarez Blázquez,
Cancioneiro de Monfero

Se me quiserdes dicer
ua ren, mía señor,
terríavolo por ben:
qué cousa seja peor,
de homem con coyta morrer
ou de viver con tristén?

(C.M., 14)

21-1-53 (3 da madrugada)

Cuestións xerais

- **Poema neotrobadorista**
- **Léxico e temáticas medievais (“coyta”, “mía señor”)**
- **Réplica dunha antiga de amor**
- **Rima, sen refrán**
- **O comentario pode facerse coas cuestións xerais (voz lírica, destinatario, forma e recursos estilísticos)**

Polos vellos poetas que foron

Aquilino Iglesia Alvariño,
Cómaros verdes, "Nenias" (1947)

Houbo un tempo feliz
no que o silencio escuro con ollos sempre abertos
dos negros bronces das Insuas
alcendia os pulsos e as chincheiras
dos meus amigos,
os vellos poetas do mar e do vento,
os que cantaron as quinas fermosas dos cabalos de Asia
e as proas das negras naus.

Cando estes poetas morreron,
naceulles o oco do seu peito un silencio harmonioso
de moi finas herbas de olor
e longuísimo vento da mar.

Os outros amaron xa os días breves coma vasos
e os vasos ben colmados
dun viño louro coma o sol.

Son os meus amados poetas do Mediterráneo,
os finos amadores dos pazos brancos de África
e os outros,
os ledos feireantes das louras frautistas de Lidia.

Mais estes inda non morreron,
que no fondo dos grandes vasos do porto, á media noite,
cantan os seus versos de ouro
a alegría das pernas finas, áxiles e fortes,
e a das gargantas lisas coma cera,
que tremban de chuchas
e unha música que non sei de cristal coma lume.

Tamén amaron cousas belas
os poetas aqueles das cidades novas e fráxiles como vidros
e brancas pombas ó mencer.
Tamén amaron cousas belas.
Mais a súa i-alma estaba chea de medos,
e de longuísimas noites sen amor nin viño,
e de lonxanas princesas de tempos idos, mortas,
doces saudades de neve derretida.

Cando mármore e bronce resucitaron a luz fermosa da súa noite,
os poetas amaron outra vez

Houbo un tempo feliz
no que o silencio escuro con ollos sempre abertos
dos negros bronces das Insuas
alcendia os pulsos e as chinceiras
dos meus amigos,
os vellos poetas do mar e do vento,
os que cantaron as quinas fermosas dos cabalos de Asia
e as proas das negras naus.

Cando estes poetas morreron,
naceulles o oco do seu peito un silencio harmonioso
de moi finas herbas de olor
e longuísimos ventos da mar.

Os outros amaron xa os días breves coma vasos
e os vasos ben colmados
dun viño louro coma o sol.

Friedrich Hölderlin

Aquilino Iglesia Alvariño,
Cómaros verdes, "Nenias" (1947)

Eran ben doces os campanarios de Tübinga
e eran ben ledas as rúas dos estudantes.
Louriñas louras, as taberneiras de Denkendorf
sorrín alegres ós probes mozos tonsurados.

Ai, que bebedizo a aquel mociño lle darían!
Ai, que escuro aquel na mar clariña dos seus ollos!
Ai, quen fanaría o vidro limpo da súa i-alma!
Ai, que verme roe o corazón do noso amigo!

E agora, onde soa moi vello son de frauta?
E agora, onde verdega o buxo de Academo?
Mirtos de Aspasia, onde decoran eles ora
craro entusiasmo, deuses de graza e pedra mármore?

Plátanos con sol, beiras de Iliso, cheo de niños.
Plátanos con mel e abellas de ouro, vago son.
Erasmie péleia, pombiña branca de Batilo,
sin viño roxo, de ás xeadas e sen sono.

Estaba asolagado

Aquilino Iglesia Alvariño

*Estaba tan soa!
Nin bote nin lancha
nin velas nin remos*
ROSALÍA

Estaba asolagado coma un limo.

Estaba asolagado aló no fondo
dunha poza de noite.
Asolagado coma un limo.

Estaba asolagado nunha lagoa grande
de auga parada e morna,
coma un limo
que abanearan amodo
ondas dondas de sono, moi grandes e vacentas.

Nunha lagoa de sono,
nunha lagoa de noite desorada,
coma un limo,
asolagado.

E sabía que fóra,
e casemente á man,
había unha mañá noviña.
Unha mañá sen ninguén,
grande e guapa.

E no aire,
unha ponla de pexegueiro chea de flores,
unha ponla ben leda
e un paxaro.

Penélope

Xosé María Díaz Castro,
Nimbos (1961)

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xoán vive moi ben en Caracas

Celso Emilio Ferreiro,
Antipoemas (1972)

A sociedade do benestar está vindo polos laberintos das computadoras. Un mundo feliz, querido Aldous, sin páxaros no amencer, está chegando.	1
Xoán traballa nunha fábrica de automóbiles, Xoán traballa nunha fábrica de tocadiscos Xoán traballa nunha fábrica de neveiras Xoán traballa nunha fábrica de televexos.	5
Xoán traballa e aforra sen descanso para meter o seu diñeiro nun banco que é o dono da fábrica de automóbiles que é o dono da fábrica de tocadiscos que é o dono da fábrica de neveiras que é o dono da fábrica de televexos e da publicidade que abrolla nas súas pantallas.	10 15
Traballe, produza, aforre, que o demais é conta nosa. Vosté poña o diñeiro, que nós poremos o demais.	
Xoán poido por fin mercar un automóbil, Xoán poido por fin mercar un tocadiscos, Xoán poido por fin mercar unha neveira Xoán poido por fin mercar un televexo para ver na súa pantalla a publicidade que o seu banco desenvolve. Xoán conseguiu por fin electrodomesticarse, electroconvencerse de que é mellor estar tranquilo e electrocomportarse coma un bo rapazote ó que nada humano lle é alleo cando é cómodo.	20 25
Os beneméritos, filantrópicos industriais, cos seus aliados mercantís en comandita encheron as faltriqueiras, porque o diñeiro de xaneiro a xaneiro é sempre do banqueiro, según di un refrán que noutro tempo fixo o pobo Xoán.	30 35

Longa noite de pedra

Celso Emilio Ferreiro, *Longa
noite de pedra* (1962)

*No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.*

CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Irmaus

Celso Emilio Ferreiro, *Longa
noite de pedra* (1962)

Camiñan ao meu rente moitos homes.
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero ti, que tealcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo.
Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmau che falo.
Anque as nosas palabras sean distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmau che falo.
Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmau che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmau che falo.

Deitado fronte ao mar

Celso Emilio Ferreiro, *Longa
noite de pedra* (1962)

Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo
de unha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bós que sofren longo
unha historia contada en outra lingoa.
Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de todos os que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada fronte ao mar, ise camiño...

Xaneiro 1972, II

Celso Emilio Ferreiro, *Onde o mundo se chama Celanova*

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a esperanza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E mátame o silencio
de non decir Moraima.

Sen título

Encéndeseme o peito, brua en alma soia
-verba que comenza-
Ti que sabes de onde viñen
ti que sabes ben quen son,
ti que ves por onde ando.
Ouh, raxa o tempo ca tua hora, raxa as cousas!
Ti xa morta, viva ou non sei, ti...
Pro, quen eres ti?
Si non peneiras o farelo, si non daás
formento á masa,
si non coce xa o teu forno,
que pan sacara o teu graú ben do mundo?
Ti, hoxe miña, -sóio hoxe, mañán xa
non,
mañán serás nebra nubra como outra.
Hoxe dime,
dime das cousas, dime si o meu de ti alento
é alento ou bruma,
dime si respiro ou afogo,
dime daquela hora miña día noso-
Ouh Natureza pequeniña e longa, hoxe
téñote na man, cinguida ós meus dedos de
terra,
puño xusto da miña forza,
soio latido.

Linme hoxe toda por dentro.
Linme!
Cómo me estáchegando!
Cómo me apaña!

Eu non sei,
non sei si me chega ou vou por ela.
Non o sei
Ouh, pra que me trouxeches si hoxe me levas?
Hoxe,
hoxe, día de todos en un.
Infindá do tempo. Hoxe!
Hoxe de quen todos somos na marea sin ondas,

María Mariño Carou, *Verba que comenza*

sin velas,
sin barcos en coor vello.
Hoxe, de quen?
Hoxe: dirán uns.
Hoxe dirán outros mentras...
mentras reparan no que non hai.
En hoxe todos,
todos damos do fin o paso dél.

Meu amigo, onte!

Ti vas quedando,
quedas pregón que enmarca nas áas do tempo a voz
que ti mesmo diches sinxela e pulida, aquela
Ti quedas como queda o aire
entre as cousas que son
como queda a loita
como queda a terra,
como queda a Forza
aquela en que ti vas ata a derradeira
derradeira,
vas calado.
Calas mentras contas as presadas que de nós
van
caendo,
vas na verba,
verba que rixe,
verba enteira que é.
Vas e dis anque calas e non cingues
xeito novo.
Pro sí:
de nós levas.

O bosque

Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba* (1959)

Que che importan as horas?
O son das túas campás
caeu lonxe no camiño.
Ti vas cun saco de sombras
ó lombo.
Ás veces o brillo do machado arrepiáte.
Fitan pra ti os paxaros grandes
que traen a noite.
Bule, bule,
a noite está aínda enriba.
Non fales en voz alta,
non cantes ningunha canción.
Ninguén te acompaña.
Dentro de pouco estarás perdido
entre as sombras iguais.
Cada árbore coa súa combra.
Diante da túa casa hai unha árbore
amiga e solitaria.
Mais este é un bosque
de repetidas sombras verticais.
Xa non ves as túas mans.
A túa casa está cerquiña e lonxe.

Nocturno

Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba* (1959)

O corazón ben o sabía,
e na fronte da noite
a música rompía flores de marfín
pra o piano puído de silencio.
Eu pensábache regalar a auga da noite
pra vestir os teus ombros acaídos.
E as voceciñas das flores da amendoeira?
Canto medo sobre o tronco negro
e canto espía a unha e outra beira do río
contando as estrelas que se queren afogar!
Non sabes que o muíño devolverache máis
puro o vidro.
Relanzo, vitral...
Que medo dan as flores na noite,
sen sangue, sen voz!...
As dalías mareladas, nun aire mouro choídas,
mortas estrelas en caixas de ébano.
O alciprés defende o silencio das escalinatas.
Auga de mirtos, verde auga, dura
fonte que me acompaña.
Se ti non foras...
Que medo dan as flores na noite!

II Promoción de enlace

1. "O tempo", Antón Tovar (*Non*)
2. "Far blues", Luz Pozo Garza (*Códice Calixtino*)



Fogueirada do tempo, fogueirada
sin flamas, sin presencias polo sangue.
“Han volver os días máis felices,
todo será de luz como denantes”.
O tempo vai dicíndonos:
“vide xogar, meniños, máis adiante”,
o tempo vai falándonos
con invisibles fitos e sinais.
“Eiquí será. Eiquí. Vinde outra vez,
eiquí será esa luz pola que orades”.
I o tempo vaise espindo
da poeira de cinzas, da follaxe
que un intre figuraban rosas, froitos,
latexos, corazós, pedras durábeles.
Vide, sigue dicindo,
“aixiña, vide aixiña, camiñantes”.
Os nosos limpos corazós cansados
vanse erguendo no amor pra outros combates.
“Vide —segue dicindo— vide, vide”,
cal se estivese afora un dios brillante.
E vamos e seguimos
na mesma soidade, no mesmo cárcere.

Far blues

Luz Pozo Garza, *Códice
Calixtino* (1986)

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico na noite.

Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma labios
e qué queda do diario secreto
na noite desvalida.

Querería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e antiga.

¿Onde vai o primeiro poema de amor
a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?

III

Xeración do 50

1. “Eu son para min”, Manuel María (*Muiñeiro de brétemas*)
2. “Bando”, Manuel María (*Documentos persoas*)
3. “Poema do alleado”, Manuel María
4. Varios poemas, Uxío Novoneyra (*Os eidos*)
5. “Letanía de Galicia”, Uxío Novoneyra (*Os eidos*)
6. “Sen título”, Méndez Ferrín (*Con pólvora e magnolias*)
7. “O gato da tasca mariñeira”, Bernardino Graña (*Profecía do mar*)
8. “Final”, Bernardino Graña (*Profecía do mar*)

BONUS TRACK

9. “Meu capitán...”, Antón Avilés de Taramancos (*Última fuxida a Harar*)
10. “Na outra banda do mar...”, Antón Avilés de Taramancos (*As torres no ar*)
11. “Recoñecimento de Harold Godwinson”, Cunqueiro (*Herba aquí e acolá*)
12. “Na outra banda”, Cunqueiro (*Herba aquí e acolá*)

Sen título

Manuel María, *Muiñeiro de
brétemas* (1950)

Eu son para min
toda-as interrogacións,
todal-as estatuas,
todol-os misterios,
e toda-as cumes xeadas de evanxeos.
Os ollos contémprame
Na impura prata dunha soma
Moendo ó vello sembrante
Que borra ó indecible desta morte
Chea de agonías e de bágoas”.

Bando

Manuel María, *Documentos
persoades*

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.
Prohíbese a lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
i ós fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chocar tan só cando hai sequía
pra que non fiquen baldeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e Domingos
cando toca
a banda do Concello no quiosco.
Están fóra da Lei
as estrelas, a primaveira,
as flores i os paxaros.
Dase este bando en tal e cual
pra que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

Poema do alleado

Manuel María

Son un bilingüista
moi apaixonado,
un colonialista
ben colonizado.
Teño lingua nai,
i unha lingua pai
i unha lingua filla
que maravilla

... ..

Son un alleado
fino e progresista
ben domesticado.
¡Son un castrapista
como está mandado!

Varios poemas

Uxío Novoneyra, *Os eidos*

CHOVE maina e calada.
Veinse os fiús da auga
contra as bandas das penas...
En soutos e devesas
as pingoadas esvaran e baixan
petando de folla en folla.
Por veces
co vento da ruxidoira
medra i esvaece
en ondas que un alonga...

Agora
eu son só pra choiva.

VENDO i ouvindo o río
vaise o tempo sin sentilo.

Naz'a auga su as abairas
entr'as penas sombrizas
roxe e baixa
de pincheira en pincheira
e corre entretecida...

/

Esta auga da presa
son eu ou é ela?

CHOVE para que eu soñe...

CANTA o cuco cala e canta
dos castiñeiros do val.
Pasa o tempo e non di nada
e volta o cuco a cucar.

A letanía de Galicia

Uxío Novoneyra, *Os eidos*

DE tanto calar xa falo eu solo

GALICIA digo eu / un di	<i>GALICIA</i>
GALICIA decimos todos	<i>GALICIA</i>
astr'os que calan din	<i>GALICIA</i>
e saben	<i>sabemos</i>

GALICIA da door	chora	<i>á forza</i>
GALICIA da tristura	triste	<i>á forza</i>
GALICIA do silencio	calada	<i>á forza</i>
GALICIA da fame	emigrante	<i>á forza</i>
GALICIA vendada	cega	<i>á forza</i>
GALICIA tapeada	xorda	<i>á forza</i>
GALICIA atrelada	queda	<i>á forza</i>

libre pra servir	<i>libre pra servir</i>
libre pra non ser	<i>libre pra non ser</i>
libre pra morrer	<i>libre pra morrer</i>
libre pra fuxir	<i>libre pra fuxir</i>

GALICIA labrega	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA mariñeira	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA obreira	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA irmandiña	<i>GALICIA viva inda</i>

recóllote da TERRA	<i>estás mui fonda</i>
recóllote do PUEBLO	<i>estás nil toda</i>
recóllote da HISTORIA	<i>estás borrosa</i>

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote prós novos que vein con forza
prós que inda non marcou a malla d'argolas
prós que saben que ti podes ser outra cousa
prós que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

/a parte en cursiva diraa o coro /

Sen título

Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)

Saudemos á morte;
na palma da man non sosteñamos ónices.

Chamémoslle:
libro de silencio,
pórtico terminal da escravitude,
escritura feliz da opacidade,
luz que desata e nome da ledicia.

Saudemos á morte;
non deamos pousada a Bach ou Joplin.

Contemplemos
o seu fremoso rostro á nosa beira.

Cuestión xeral

Estamos ante un dos libros que xa se sitúa despois da morte do ditador e que se considera un dos precursores da poesía que se fará durante a década dos 80.

O gato da tasca mariñeira

Bernardino Graña,
Profecía do mar

Aquí non hai silencio porque hai homes
falan os homes falan
aquí non pasa o vento esa fantasma
os homes falan falan
e fórmase outro vento outro rebumbio
unha fantasma feita deste fume
este fumar sen tino estas palabras
e pasa un suave gato que é da casa.

Beben viño coñac
berran discuten contan chistes mascan
un pouco de xamón tal vez chourizo
o gato ulisca cheira mira agarda
vai á cociña ven ao mostrador quixera
un anaquiño de boa carne un chisco
de tenrura algún queixo unha migalla.

Aquí non hai vagadas nin roncallos
non se ven os cabezos nin as praias
o taberneiro bole saúda cobra serve fala
cambea mil pesetas chama á muller a berros
e contesta ao teléfono ás chamadas
e os homes berran moito cheos de ira
e rin e danse a man e nada pasa.

O gato calandiño ergue as orellas
ten maino tan suavísimo sen gana
cruza por entre as pernas entre as botas
altas botas de caucho contra as augas co seu rabo
arrequichado e duro e tan el calma
e aquí non hai silencio que hai vinte homes
e están ben lonxe os mares que arrebatan.

Se acaso o gato mira os ollos do home
guicha en suspenso escoita en paz agacha
unha orelliña aguda e indiferente
lambe teimudo e calmo unha das patas
e se acaso durmiña e abre un ollo
e ve que os homes beben fuman discuten moito non se cansan
de ensaladilla callos mexilóns anchoas
e viño e viño e viño tinto e branco en tantas tazas
e esgarran cospen entran saen empuxan brindan cantan

e a radio está acendida e óese música
e o gato pasa indemne comprendendo tan
costume son os homes
non se espanta.

Final

Bernardino Graña,
Profecía do mar

Para Antón Santamarina e Manuel Vidán

Cae un gran sol en sangue, levántanse mans mortas,
barcos fantasmas miran e erguen nos aires mastros,
todo viaxou ao fondo e xa as marés non enchen,
e a baixamar acada ser baixamar pra sempre.

E agora vexo as veas da terra que se murcha
coma regueiros mínimos tamén no mar escoando.
Xa non hai dor sequera, soio un balbordo lene
e un gran fedor salobre e espectación e pasmo,
e algún tren retrasado vomita aínda persoas,
pero xa é moi tarde.

Estamos máis alá da lección dos mestres,
máis alá das industrias e os esforzos en masa,
da requintada máquina, a coidada estatística.
Vamos morrer, que os mares son soio un mar moi grande,
un mar redondo e xusto cebándose na lama.

Caen baixo unha noite as últimas cidades.
Nin altos eucaliptos, nin pontes nin montañas.

Inútil xa se queda, un berro ou unha brasa.
Recoñezo que é a hora do final e a friaxe.

Definitivo o mar,
vamos morrer, que é tarde.

Sen título

Antón Avilés de Taramancos,
Última fuxida a Harar

Meu capitán, é hora, é hora
de limpar os fanais, os astrolabios,
de abrir as caixas de ébano,
de polir bronces, de airear
as bandeiriñas do pañol e ver
esas charnas no ar de proa a popa.

É hora de prender lume na tarde!

Ter outra vez aquela hora intensa
na que era o ceo unha fogueira viva
e estaba o corazón aloumiñado
por ese instante único.

A onde se van as horas luminosas?

Só ten o corazón un cofre intacto
onde se gardan como postais vellas
esas felicidades de outro tempo
e o proer das feridas que nos deron.

É a hora capitán, collamos rumbo
de cara o tempo que ficou no olvido,
ese espello de brétemas que ás veces
se ilumina no fondo da memoria
e fai brillar en lamos unha tarde
que nunca volverá. Pero está viva.

Sen título

Antón Avilés de Taramancos,
As torres no ar

Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.

Recoñecemento de Harold Godwinson

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí e acolá* (1980)

Unha noite de cinza caeu sobor da terra, as lanternas andaban soas por entre os mortos e nas feridas do máis ferido de todos Edith Swanehals puña a luz violeta dos seus ollos por se aquel era Harold fillo de Godwin que ela amara tanto. E aquel mesmo era a boca pola que saía un fío de sangue pousada na boca terrea dunha toupeira.	1 5
Viña de lonxe o canto da mar. Edith sentouse a carón do morto e cun fío branco que tirou dos seus soñares comezou a tecer un pequeno pano pra tapar os ollos do Rei.	10
Escoitábase a mar, e mailas follas secas do bosque aremuiñando nos camiños entre os outeiros. A derradeira caricia de Edith foi aquel calado tecer perto do morto, e cando saía a lúa mesturou fíos azuis da luz da viaxeira cos seus -as agullas ían e viñan en silencio as mans movéndose coma quen anaina un neno asegurándose de que aquel morto era Harold o mirar violeta de Edith adentrábase máis e máis nas escuras feridas, recoñecendo o sangue do amante, e maila morte. Así foi que Edith xa estaba cega cando lle preguntaron quen entre aquelas sesenta ducias de mortos era Harold -este, dixo sinalando, a tentas, que facía cantar os reiseñores nas noites de verán cando me bicaba e me decía -Swanehals, Colo de Cisne, envellecemos xuntos pero ti máis lentamente.	15 20 25 30 34

Na outra banda

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí e acolá* (1980)

Na outra banda dixéronme	1
os vellos vanse convertindo en arbres	
vellos tamén sen follas na cara do sol	
agardando sen saber o qué	
mudos.	5
Pro súpetamente un arbre calisquer	
sinte rubir dentro del a seiva dun soño	
beira da morte xa pro aínda	
morno como o leite da nai.	
O soño vai rubindo polas veas do arbre	10
unha vida enteira que pasa	
ate facerse paxaro nunha ponla	
un paxaro que recorda, canta e vaise	
denantes de que todos os arbres morran.	
Si eu me fago arbre vello na outra banda do río	15
e me toca ser arbre que recorda e soña	
ben segura podes estar de que soñaréi contigo	
cos teus ollos grises como a alba	
e coa tua sorriso	
coa que se vestiron os beizos das roseiras	20
nos días máis felices.	21